



Concello de
OURENSE

OFICIALIA MAIOR
Praza Maior Nº1
32005 - Ourense

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 04 de decembro de 2025, adoptou, entre outros, o seguinte ACORDO:

31.- Convenio de colaboración entre o Concello de Ourense e a Asociación de enfermos de Alzheimer de Ourense (AFAOR) para o financiamento do proxecto de Obradoiros de estimulación cognitiva e de axudas técnicas para enfermos de Alzheimer correspondente ao exercicio 2025. Expte 2025037186

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes, acordou:

1.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Ourense e Asociación de Familiares de enfermos de Alzheimer Ourense (AFAOR) co CIF G32198970, e cos Códigos CSV 4JPE37Y61V4Z9WR0 e FQOSV9X6SRPUGURJ segundo se trate, respectivamente, da versión do convenio en castelán ou galego, para o financiamento do Proxecto da Actividade “Obradoiros de estimulación cognitiva e de axudas técnicas para enfermos de Alzheimer” no Concello de Ourense, consonte á subvención nominativa recollida no vixente orzamento municipal.

2.- Aprobar e dispoñer o gasto a favor de Asociación de Familiares de enfermos de Alzheimer Ourense (AFAOR), co CIF G32198970, por importe de 35.000,00 € (trinta e cinco mil euros) con cargo á partida 260.2318.48940 do orzamento municipal vixente.

3.- Facultar ao alcalde para a sinatura do presente convenio.

4.- Notifíquese aos interesados, e déase traslado á Tesoureira municipal, para os efectos contables oportunos.

Ourense, na data da sinatura electrónica.
A CONCELLEIRA-SECRETARIA,

Tamara Silva Cid

